<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Se ben é certo que a totalidade do alumnado conta con conexión a internet a través de diferentes dispositivos, mantemos un diálogo constante coas familias e asegurámonos de que o alumnado que non ten esa conexión permanente, pode seguir o ritmo de aprendizaxe ao igual que os seus compañeiros.</p> <p>A maioría das familias teñen acceso á Plataforma Educamos, e usamos esa liña para a comunicación con elas, de xeito preferente. Aínda así, contamos con outras canles de comunicación para asegurarnos ese diálogo familia – escola, constante e tan vital nesta situación excepcional, como por exemplo: facilitamos o correo electrónico e o número de teléfono persoal. Asegurando así que a totalidade do alumnado pode seguir co seu proceso de ensinanza – aprendizaxe.</p> <p>Para facilitar o seguimento do curso, decidimos enviar as actividades propostas para cada semana a través do mestre – titor, que se encargará de envialas tódolos luns á mañá para que lles sexa máis fácil organizarse ás familias. Tódolos mestres que impartimos as diferentes materias dentro dun grupo/clase estamos coordinados para que ditos actividades sexan o máis equilibradas e axeitadas posibles, tendo en conta que non poden traballar do mesmo xeito na casa que no colexio e que a situación que nos envolve é difícil para todos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recursos humanos persoais que veñen a reflectirse a través dos recursos TIC, a través do correo electrónico e teléfono persoal de mestres especialistas, mestres de apoio e mestras – titoras.</li><li>• Plataforma Educamos (Plataforma interna do colexio).</li><li>• Correo electrónico y teléfono de contacto persoal.</li><li>• Plataforma educativa Snappet.</li><li>• Plataforma educativa gamificada de lectura TATUM.</li></ul>

# LINGUA GALEGA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	LGB2.6.3.Letextos,adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade. LGB2.6.2.Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. LGB2.6.3.Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
B3.2.Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás.	LGB3.2.1. Elabora textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións..
B4.1.Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.1.Sinalaa denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas. LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra. LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos. LGB4.1.5.Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
B4.2.Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2.Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
B5.2.Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil. LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Tendo claro que a avaliación nesta etapa é continua e global, utilizaremos os seguintes procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Observación sistemática do traballo persoal realizado.</li><li>• Recompilación e valoración de materiais: producións escritas, imaxes, exercicios realizados...</li><li>• Diálogo constante familia-escola. (Non tódolos nenos teñen as mesmas posibilidades para seguir adiante co terceiro trimestre do curso, ben sexa por dificultades de saúde propias ou dalgún familiar próximo, falta de medios e soportes técnicos, dificultade para conexións á Internet...).</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Observación diaria do traballo persoal realizado cada semana.</li><li>• Cuestionarios.</li><li>• Reflexións en voz alta a través dos diferentes medios tecnolóxicos.</li><li>• Constancia no estudo diario e nas tarefas.</li><li>• Cualificacións obtidas nas dúas avaliacións pasadas</li><li>• Presentación e realización de traballos que serán enviados tanto a través da Plataforma do Colexio como a través do correo electrónico persoal ou dos diferentes medios comunicativos que o mestre encargado poña á disposición das familias.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso será o resultado de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballo realizado e cualificacións das dúas avaliacións pasadas (70%).</li><li>• Realización dos traballos/tarefas/actividades propostas para cada semana durante a terceira avaliación (20%).</li><li>• Interese mostrado – diálogo constante coas familias (10%).</li></ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Trátase de actividades de reforzo e repaso dos contidos dados durante o primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Así pois, planificamos actividades de comprensión e expresión escrita, comprensión e expresión oral, ortografía e exercicios de gramática.</p> <p>Ditas actividades están pensadas para seguir practicando os aprendizaxes adquiridos e evolucionar na consecución dos obxectivos propostos.</p> <p>Ó alumnado con NEAE seranlle facilitadas actividades específicas adaptadas ás súas características persoais.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Se ben é certo que a totalidade do alumnado conta con conexión a internet a través de diferentes dispositivos, mantemos un diálogo constante coas familias e asegurámonos de que o alumnado que non ten esa conexión permanente, pode seguir o ritmo de aprendizaxe ao igual que os seus compañeiros.</p> <p>A maioría das familias teñen acceso á Plataforma Educamos, e usamos esa liña para a comunicación con elas, de xeito preferente. Aínda así, contamos con outras canles de comunicación para asegurarnos ese diálogo familia – escola, constante e tan vital nesta situación excepcional, como por exemplo: facilitamos o correo electrónico e o número de teléfono persoal. Asegurando así que a totalidade do alumnado pode seguir co seu proceso de ensinanza – aprendizaxe.</p> <p>Ademais, para facilitar o seguimento do curso, decidimos enviar as actividades propostas para cada semana a través do mestre – titor, que se encargará de envialas tódolos luns á mañá para que lles sexa máis fácil organizarse ás familias. Tódolos mestres que impartimos as diferentes materias dentro dun grupo/clase estamos coordinados para que ditas actividades sexan o máis equilibradas e axeitadas posibles, tendo en conta que non poden traballar do mesmo xeito na casa que no colexio e que a situación que nos envolve é difícil para todos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Recursos humanos persoais que veñen a reflectirse a través dos recursos TIC, a través do correo electrónico e teléfono persoal de mestres especialistas, mestres de apoio e mestras – titoras.</li><li>• Plataforma Educamos (Plataforma interna do colexio)</li><li>• Correo electrónico e teléfono de contacto persoal.</li><li>• Plataforma educativa Snappet.</li><li>• Plataforma educativa gamificada de lectura TATUM.</li></ul>

# 1ª LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifique no seu significado.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e contén co apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente e de forma oral.
B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. PLEB3.6. A mostra interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia

<p>puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.3. Iniciar o uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p>	<p>e con léxico relacionado co temada escritura e cos seus intereses.</p> <p>PLEB4.4. Completa un formulario en liña co seus datos dos demais (nome, apelido, idade...).</p> <p>PLEB4.5. Responde de forma escrita en soporte dixital a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</p> <p>PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.</p> <p>PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>
<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a una comprensión adecuada do texto.</p>	<p>PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.</p>
<p>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente</p>	<p>PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.</p>
<p>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p.e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.</p>	<p>PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir o léxico traballado previamente de forma oral.</p>



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: -Avaliación do traballo individual a través da plataforma dixital Snappet. -Observación da participación e interese amosado polo alumnado.
	Instrumentos: -Exercicios propostos na plataforma dixital Snappet.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como a realización das tarefas propostas no terceiro trimestre, sempre e cando beneficie ao alumnado.  70% traballo realizado no 1º e 2º trimestre. 20%traballo realizado na plataforma dixital Snappet durante o terceiro trimestre. 10%participación e interese na área.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Ejercicios en formato dixital (Reading and Writing).</li><li>-Fichas de traballo (Worksheets)</li><li>-Listenings.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A gran maioría do alumnado conta con conexión a Internet polo que a metodoloxía será dinámica en canto á comunicación.</p> <p>Durante estes meses consolidaremos os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre , a través do repaso e reforzo dun xeito activo e motivador.</p> <p>A metodoloxía levada a cabo animará ao alumnado a participar de forma activa e a disfrutar da realización das tarefas propostas.</p> <p>Mantemos un diálogo constante coas familias e asegurámonos de que o alumnado que non ten esa conexión permanente, poida seguir o ritmo de aprendizaxe ao igual que os seus compañeiros.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Recursos materiais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Materiais dixitais: Libro dixital, actividades de aprendizaxe en Word ou PDF, plataforma dixital Snappet, Cultural bytes (Píldoras culturais en formato vídeo con actividades descargables) <a href="http://www.catalogoxford.es/oxfordculturaltalks">http://www.catalogoxford.es/oxfordculturaltalks</a></li></ul> <p>Recursos humanos: Mestra de Inglés, Titora, Equipo de Orientación, familias e compañeiros.</p>

# MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas.	MTB1.1.1 Analiza e comprende o enunciado dos problemas. MTB1.1.2 Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións, pregunta se ten dúbidas...
B2.1 Ler, escribir e ordenar números ata o 10.000.	MTB2.1.1 Le, escribe e ordena números ata o 10.000. MTB2.1.2 Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.2 Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1 Realiza de forma correcta series, tanto ascendentes coma descendentes. MTB2.2.3 Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das cifras.
B2.3 Realizar operacións e cálculos matemáticos.	MTB2.3.1 Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar. MTB2.3.2 Realiza cálculos coa multiplicación para a resolución de problemas. MTB2.3.4 Realiza cálculos coa división dunha cifra para a resolución de problemas. MTB2.3.5 Identifica e usa correctamente os termos propios da multiplicación e da división.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Partimos do feito de que a avaliación é continua e global. Neste senso, lévase a cabo unha observación do nivel de participación, análise, interese, coidado, esforzo... de cada alumno. Manterase tamén unha comunicación constante entre o docente, as familias e o alumnado, sendo conscientes de que cada un vive unha realidade e que as necesidades poden ser diferentes segundo o caso.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Observación do traballo realizado semanalmente.</li><li>- Conversacións cos alumnos.</li><li>- Exposición de proxectos a través das TIC.</li><li>- Valoración da participación e do esforzo realizado nas tarefas.</li><li>- Traballo dos alumnos nas distintas plataformas habilitadas, como Snappet.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso será o resultado da media aritmética ponderada entre:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Realización dos traballos/tarefas/actividades propostas para cada semana, durante a terceira avaliación (20%).</li><li>- Traballo realizado e cualificacións das dúas avaliacións anteriores (70%).</li><li>- Interese do alumnado e diálogo constante coas familias (10%).</li></ul>

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades levadas a cabo durante o terceiro trimestre, terán en conta a excepcional situación que estamos a vivir. Serán actividades de reforzo e repaso relacionadas con contidos traballados na primeira e segunda avaliación.</p>
--------------------	--

	<p>Algúns exemplos do tipo de actividades que se realizarán son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado de diferentes vídeos en relación aos contidos traballados durante as anteriores avaliacións.</li> <li>- Realización de pequenos traballos e repasos.</li> <li>- Exposición de proxectos a través das TIC.</li> <li>- Redacción de baterías de preguntas sobre mínimos a acadar.</li> <li>- Traballo na web “Snappet”.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Antes do comezo da terceira avaliación, comprobouse que todo o alumnado do curso tiña acceso a conexión. Desta forma, a metodoloxía a seguir é común para todo o alumnado.</p> <p>Semanalmente envíanse unha serie de tarefas, que deberán ser reenviadas para a súa corrección. Ofrécese flexibilidade para que as propias familias e o alumnado poidan xestionar os tempos de traballo, xa que a conectividade é xeneralizada pero non en tódalas franxas horarias. Ademais mantense unha comunicación constante co alumnado e as súas respectivas familias.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>O principal recurso empregado nesta avaliación son as TIC:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Plataforma do colexio.</li> <li>- Correo electrónico tanto da xunta como o persoal do mestre.</li> <li>- Teléfono persoal.</li> </ul> <p>Tamén fan uso da libreta e do libro para a realización das actividades propostas, aínda que non é estritamente necesario, e en caso de selo aportamos os materiais axeitados para o alumnado que non dispón de ditos recursos.</p> <p>Nesta materia dispoñemos dunha aplicación web chamada “Snappet”, na que os alumnos poden traballar de forma online e autónoma. O docente indica os contidos a traballar e envía ao alumnado os exercicios correspondentes.</p> <p>Ademais dispón dun chat no que os alumnos pódense poñer en contacto directo co profesor.</p>

## CIENCIAS SOCIAIS

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Adoptar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e no contorno próximo.	CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
B2.5. Distinguir entre planos e mapas incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa contorna próxima.	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.
B2.6. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos.	CSB2.6.1. Oriéntase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitacións.	CSB2.7.1. Identifica e cita fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para a recollida de datos.	CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da Comunidade Autónoma.	CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionandoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases en que se produce o ciclo da auga.

B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece os diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da Comunidade Autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da Comunidade Autónoma.
B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sustentable.	CSB2.15.2. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.
B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	CSB3.4.1. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e asóciaos cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.

2. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Repaso do traballado.</p> <p>Traballo persoal.</p> <p>Realización de fichas e textos (libres ou vencellados a un proxecto)</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Cuestionarios de: verdadeiro/falso, marcar as correctas, mapas, esquemas, ...</p> <p>Recursos dixitais.</p> <p>Preguntas orais (videochamada grupo reducido)</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Cualificacións da 1ª e 2ª avaliaci3ns: 70%</p> <p>Progresi3n na 3ª avaliaci3n: 30%</p> <p>O que inclúe:</p> <p>Constancia, responsabilidade e puntualidade na entrega do traballo (se non houbo causas que o dificultaran) :10%</p> <p>Resultado do traballado (contidos, presentaci3n e curiosidade): 20%</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Realización de traballos empregando distintas fontes de información e seguindo unhas pautas dadas.</p> <p>Realizar debuxos da Terra, a Lúa e os seus movementos.</p> <p>Debuxar as capas de atmosfera e situar cada un dos fenómenos que se producen nelas</p> <p>Realización de murais.</p> <p>Buscar nun periódico mapas do tempo e interpretalos.</p> <p>Realizar un debuxo do ciclo da auga.</p> <p>Reconocer en fotografías os distintos tipos de paisaxes do entorno.</p> <p>Realización de mapas.</p> <p>Estudo de planos.</p> <p>Realización de murais de debuxos e fotografías sobre distintas paisaxes.</p> <p>Elaboración dunha liña do tempo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Envío de material de estudo (sen libros)</p> <p>Envío de tarefas vía email</p> <p>Recepción e corrección de tarefas por email ou teléfono</p> <p>Unha clase semanal en grupo reducido ou individual por videochamada</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Textos e cuestionario de preguntas e respostas sobre os contidos a recuperar.</p> <p>Fichas</p> <p>Enlaces de páxinas web adecuadas aos contidos de RE</p> <p>Xornal e recursos telemáticos.</p>



## CIENCIAS DA NATUREZA

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1 Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B2.1 Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1 Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas. CNB2.1.2 Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	CNB2.2.2 Recoñece algúns dos factores causantes das enfermidades máis habituais e explica actuacións para a súa prevención.
B2.3 Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1 Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. CNB2.3.2 Diferenza entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
B3.1 Identificar e clasificar animais e plantas do seu contorno, recoñecer as súas características principais e buscar información.	CNB3.1.1 Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. CNB3.1.3 Utiliza claves e guías para a clasificación de animais.
B3.2 Observar e rexistrar, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio.	CNB3.2.1 Coñece as funcións de nutrición, relación e reprodución dun ser vivo.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Partimos do feito de que a avaliación é continua e global. Neste senso, lévase a cabo unha observación do nivel de participación, análise, interese, coidado, esforzo... de cada alumno. Manterase tamén unha comunicación constante entre o docente, as familias e o alumnado, sendo conscientes de que cada un vive unha realidade e que as necesidades poden ser diferentes segundo o caso.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Observación do traballo realizado semanalmente.</li><li>- Conversacións cos alumnos.</li><li>- Exposición de proxectos a través das TIC.</li><li>- Valoración da participación e do esforzo realizado nas tarefas.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final de curso será o resultado da media aritmética ponderada entre:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Realización dos traballos/tarefas/actividades propostas para cada semana, durante a terceira avaliación (20%).</li><li>- Traballo realizado e cualificacións das dúas avaliacións anteriores (70%).</li><li>- Interese do alumnado e diálogo constante coas familias (10%).</li></ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades levadas a cabo durante o terceiro trimestre, terán en conta a excepcional situación que estamos a vivir. Serán actividades de reforzo e repaso relacionadas con contidos traballados na primeira e segunda avaliación. Algúns exemplos do tipo de actividades que se realizarán son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Visionado de diferentes vídeos en relación aos contidos traballados durante as anteriores avaliacións.</li><li>- Realización de descrición e pequenos traballos.</li><li>- Exposición de proxectos a través das TIC.</li><li>- Elaboración de breves resumos sobre os contidos.</li><li>- Redacción de baterías de preguntas sobre mínimos a acadar.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Antes do comezo da terceira avaliación, comprobose que todo o alumnado do curso tiña acceso a conexión. Desta forma, a metodoloxía a seguir é común para todo o alumnado.</p> <p>Semanalmente envíanse unha serie de tarefas, que deberán ser reenviadas para a súa corrección. Ofrécese flexibilidade para que as propias familias e o alumnado poidan xestionar os tempos de traballo, xa que a conectividade é xeneralizada pero non en tódalas franxas horarias. Ademais mantense unha comunicación constante co alumnado e as súas respectivas familias.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O principal recurso empregado nesta avaliación son as TIC:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Plataforma do colexio.</li><li>- Correo electrónico tanto da plataforma como o propio do profesor.</li><li>- Teléfono persoal.</li></ul> <p>Tamén fan uso da libreta e do libro para a realización das actividades propostas, aínda que non é estritamente necesario, e en caso de selo aportamos os materiais axeitados para o alumnado que non dispón de ditos recursos.</p>

# RELIXIÓN

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer en Xesús un modelo de persoa ideal, con respecto ao trato aos demais, a súa relación con Deus e coa natureza.	Recoñece que Xesús é un modelo de persoa ideal. Valora a natureza e a importancia de coidala.
Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	Toma conciencia dos momentos que aportan felicidade a el/ela e ás persoas da súa contorna.
Recoñecer que María é nai de Xesús e a nosa Nai do ceo.	Recoñece o papel de María como nai de Xesús e Nai nosa.
Asociara o mes de maio con María.	Asociación de María co mes de maio e o mes das flores.
Coñecer o papel da Igrexa con respecto aos máis necesitados.	Recoñece que a Igrexa ten a misión de velar polos máis necesitados

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Proposta de traballo telemáticamente.</p> <p>Observación do traballo que se recibe.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Fichas, debuxos, resumes, oracións, reflexións a partires de vídeos, oracións, cancións ou enlaces de páxinas web.</p>

<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: 1ª e 2ª avaliación: 80% Observación e valoración do traballo da 3ª avaliación: 20%
----------------------------	--

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Visionar vídeos de curtos e cancións</p> <p>Realizar resúmenes, reflexións, oracións,... a partir deles.</p> <p>Fichas de: completar información, debuxar e colorear.</p> <p>Consultar enlaces en youtube sobre filmografía relacionada cos contidos.</p> <p>PPS de elaboración propia sobre contidos específicos.</p>
<b>Metodoloxía</b>	<p>Envío da proposta de tarefas, unha vez cada dúas semanas, incorporando un documento de word, xunto co resto das asignaturas.</p> <p>Resposta e reenvío da tarefa cumprimentada por vía telemática.</p> <p>Contestación de recepción e corrección, sempre que sexa posible.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Vídeos Documentos de word (fichas e textos)</p> <p>PPS Cancións</p> <p>Oracións Esquemas.</p>

# EDUCACIÓN PLÁSTICA

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
☐ B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	<p>☐ EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións</p> <p>☐ EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.</p> <p>☐ EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.</p>
☐ B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	<p>☐ EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas</p> <p>☐ EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.</p> <p>☐ EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.</p> <p>☐ EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.</p> <p>☐ EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.</p>
☐ B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	☐ EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.
☐ B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	<p>☐ EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.</p> <p>☐ EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.</p> <p>☐ EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras.</p> <p>☐ EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.</p>

	<p>☒ EPB2.1.9. Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas.</p> <p>☒ EPB2.1.10. Representa imaxes usando diferentes características da cor.</p>
--	---

2. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Procedementos:</b></li> <li>-Observación da participación e interese amosado polo alumnado.</li> <li>-Entrega dos traballos propostos de xeito voluntario.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Instrumentos:</b></li> <li>-Traballos suxeridos polo mestre.</li> <li>-Fichas para debuxar, colorear,..</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Obterase, nunha porcentaxe do 85% ,da cualificación media da primeira e segunda avaliación, obtendo o 15% restante, da realización e, no caso que procedese, a entrega a tempo, dos traballos propostos neste terceiro trimestre, valorando a actitude e interese do alumno.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Traballos propostos polo mestre.</li><li>- Fichas para debuxar, colorear,..</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	O 100% do alumnado dispón de conexión a Internet polo que a metodoloxía será dinámica utilizando distintas canles de comunicación tales como a Plataforma Educamos, correo electrónico e a aplicación Whatsapp.
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- O bloc de debuxo do alumno.</li><li>- Materiais diversos como cores, rotuladores, témperas, cartolinas, lá, pegamento, tesoiras,pegatinas,etc.</li></ul>



# EDUCACIÓN FÍSICA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	Reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
	Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
Buscar e presentar información, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
	Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
	Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento	Recoñece os dous tipos de respiración.

<p>ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</p>	<p>Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.</p>
	<p>Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.</p>
	<p>Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.</p>
	<p>Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.</p>
<p>Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p>
	<p>Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p>
	<p>Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.</p>
	<p>Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p>
	<p>Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
	<p>Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.</p>
<p>Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</p>
	<p>Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.</p>
	<p>Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras.</p>

Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.
	Cofrece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	Mellora das capacidades físicas.
	Cofrece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
	Adopta hábitos posturais axeitados.
	Realiza os quecementos de forma autónoma.
Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
	Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.
	Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.
Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.
Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
	Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
Cofrecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.	Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.
	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.
	Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Avaliación durante os dous primeiros trimestres:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A asistencia a clase é obligatoria. As faltas de asistencia deberán xustificarse debidamente ó profesor/titor.</li><li>• A participación, o esforzo, espírito de sacrificio, interese, etc., amosados na realización dos exercicios e xogos.</li><li>• Respecto ós compañeiros, ós mestres e ó material.</li><li>• Cumplimento das normas e regras dos xogos e a aceptación da victoria e do fracaso como algo inherente ó xogo.</li><li>• Realización dun test de aptitude física axeitado a súa idade, ó rematar cada trimestre e de acordo coas actividades traballadas durante o mesmo atendendo ós criterios de avaliación que se espoñen no punto anterior.</li></ul> <p>Terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Realización e/ou participación nas actividades propostas.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Observación directa.</li><li>• Test de aptitude física.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Dado o carácter continuo da evolución física, será a nota obtida no terceiro trimestre, ou tendo en conta a situación actual, o do segundo trimestre se non fose posible a avaliación no terceiro.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Envío de diferentes propostas de actividade física e fichas relacionadas coa materia a través da plataforma educativa.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado recibe as propostas pola plataforma e se comparte por grupos de whatsapp onde se atopa algún representante de cada alumno/a.
<b>Materiais e recursos</b>	Fichas, enlaces, suxerencias de actividades relacionadas co deporte e a actividade física...

# MÚSICA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e representa nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O control de tarefas e estudo diario.</li> <li>- A presentación e execución dos traballos (documentos word, vídeos, fotos...)</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Táboa de seguimento dos/das alumnos/as.</li> <li>- Producións do alumnado (documentos word)</li> <li>- Traballos escritos enviados por correo electrónico.</li> <li>- Fotos ou vídeos das tarefas realizadas polos alumnos.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:            Terase en conta as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como a realización e entrega das actividades propostas no terceiro trimestre, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <p>70% traballo realizado no 1º e 2º trimestre.            20% traballo realizado e enviado por diferentes medios.            10% participación e interese na área.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
